



PLAN DIGITAL

C.P.I da Cañiza

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

Nome do centro: C.P.I da Cañiza

Correo electrónico: cpi.dacaniza@edu.xunta.gal

Páxina web: www.edu.xunta.gal/centros/cpidacaniza

Dirección:

Edificio Primaria: Rúa Carballo do Marco n.º 20. A Cañiza 36880. Pontevedra.

Edificio Secundaria: Acceso a Leboriz s/n. A Cañiza 36880. Pontevedra.

Etapas educativas:

	Nº DE ALUMNOS	N.º DE PROFESORES
INFANTIL	74	7
PRIMARIA	188	23
SECUNDARIA	245	31

O noso centro é un C.P.I no que temos dous edificios separados físicamente uns 600 m, un edificio para as etapas de Infantil e Primaria e outro para Secundaria. Esta particularidade dificulta a coordinación entre o profesorado das diferentes etapas educativas, non só pola separación física senón tamén pola diferenza de horarios.

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

- Característica socioeconómicas e culturais do contexto do centro

O noso centro está situado na Cañiza (Pontevedra). Trátase dun concello rural de media montaña e ben comunicado. Conta con todos os servizos dunha vila (centro de saúde, biblioteca pública, casa da cultura, polideportivo, garda civil, policía municipal..)

Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística de xaneiro de 2021 a Cañiza ten unha poboación de 5115 habitantes.

A terceira parte da poboación concéntrase no núcleo urbano da Cañiza, e o resto, repártese nos 300 núcleos de poboación diferenciados e distribuídos en nove parroquias. O nivel socioeconómico dos habitantes é, en xeral, medio-baixo, especialmente nas zonas máis rurais e afastadas do núcleo urbano. Cerca do 55% da poboación activa adícase ao sector da

hostelería, e o 35% á construción e a industria. Menos importantes son a gandería e a agricultura, con pequenas explotacións de tipo familiar.

- Incardinación e contribución do PD ao Proxecto Educativo.

O noso centro ven participando moi activamente en diferentes cursos e plans de formación. Os cursos de formación desenvólvense preferentemente no centro, xa que solicitamos aqueles que máis se adaptan ás nosas necesidades de formación tendo en conta os recursos de que dispoñemos e á súa aplicación na práctica docente co noso alumnado. Este curso 2021-2022 en concreto, fixemos os seguintes cursos de formación:

- HORTO ESCOLAR
- IGUALDADE
- ROBÓTICA
- IMPRESIÓN 3D
- RADIO ESCOLAR
- FERRAMENTAS DIXITAIS

Tamén participamos no plan proxecta na modalidade de Emociona-T e Donas de Sí.

Solicitamos a participación no programa de innovación POLOS CREATIVOS de cara a próximo curso. Éste programa está pensado para traballar coas novas tecnoloxías e capacitar ó alumnado para desenvolverse dixitalmente.

O Plan Dixital de centro servirá de marco para poder materializar a aprendizaxe das competencias dixitais que o alumnado precisará no seu futuro tanto académico coma laboral e tamén na súa vida cotiá.

- Contribución do PD á Programación Xeral Anual do curso 22/23.

Cada departamento na súa programación anual recollerá a contribución da súa materia ao desenvolvemento do Plan Dixital.

1.3. Breve xustificación do mesmo

Para a elaboración do Plan Dixital do noso centro tivemos en conta a seguinte normativa:

- *Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación*
- *Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022*
- *Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan*

instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022

- *Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022*

1.4. Proceso de elaboración

Para a elaboración do Plan Dixital os membros do Equipo de Dinamización reunímonos mensualmente. Organizámonos por departamentos para tratar os diferentes puntos deste plan nas reunións de departamento involucrando así a todo o profesorado do centro.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

INFRAESTRUTURA DIXITAL

- *Conectividade por cable e acceso wifi moitas veces lenta.*
- *Hai accesos wifi nalgunhas aulas.Observándose carencias nas zonas comúns e administrativas.*

EQUIPAMENTOS

- *Aulas de informática de primaria e secundaria dixitalizadas con conexión por cable dada a antigüidade dos equipos.*
- *Aulas ordinarias:* cada unha conta cun portátil, PDI e proxector. As PDI precisan unha revisión ou, no seu caso, renovación para o seu mellor aproveitamento.
- *Salas de profesores de primaria e secundaria con tres equipos en cada unha delas conectados por cable .*
- *Biblioteca de primaria:* tres equipos, un para a xestión da mesma e dous para uso do alumnado.
- *Biblioteca de secundaria:* un equipo para a xestión da mesma e once portátiles conectados por cable para uso do alumnado. Conta con outro equipo para uso do proxector.
- *Ordenadores do equipo directivo:* os despachos dos membros do equipo directivo contan con equipos de sobremesa conectados por cable e impresora. É necesario mellorar e modernizar estes equipos.

- **Departamentos:** a maioría dos departamentos dispoñen dun portátil .

SERVIZOS DIXITAIS:

- Web do centro, aula virtual e algúns profesores dispoñen de blogs de aula.
- Espazo abalar e abalar móbil.

XESTIÓN DO MANTEMENTO

- O centro ten contratada unha empresa de mantemento dos equipos xa que dende a coordinación TIC é imposible xestionar a cantidade de equipos informáticos do centro (impresoras, ordenadores, pizarras...), e por outra banda os coordinadores TICs non teñen porque estar formados nese campo. Adícase así unha partida do orzamento anual para este fin.

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

AUTOAVALIACIÓN SELFIE

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Infantil Primaria ESO
A -Liderado	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,7
	Alumnado	
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3,2
	Alumnado	2,7
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	3,8
	Alumnado	3,6
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	4,2
	Profesorado	4,1
	Alumnado	
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,8
	Profesorado	3,9
	Alumnado	3,6
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,1
	Profesorado	3,2
	Alumnado	3,1
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	2,9
	Profesorado	2,7
	Alumnado	2,6
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,1

TEST CDD

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	37	42	88,8 %
PROVISIONAL	4	5	80 %
INTERINO	11	12	91,7 %
SUBSTITUTO	4	7	51,1 %
DESPRAZADO			

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
66,7 %	Integradora B1	76,4 %	Integradora B1

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
ESO	66,6	Integradora B1	79,2	Integradora B1
PRIMARIA	73,5	Integradora B1	77	Integradora B1
INFANTIL	61,7	Integradora B1	68,2	Integradora B1

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	3	5,2 %
A2	23	39,7 %
B1	26	44,8 %
B2	6	10,3 %
C1		
C2		
TOTAL	58	100 %

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e

facilita a elaboración das Liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	<p>Aulas de informática en primaria e secundaria</p> <p>Proxectores e PDI nas aulas</p> <p>WiFi, Ethernet</p> <p>Equipos de radio e robótica.</p> <p>Biblioteca secundaria ampla e ben dotada.</p>	<p>Separación física de ambos centros</p> <p>Falta de equipos e dotación dixital</p> <p>Os equipos que hai están obsoletos e deteriorados.</p>
	PERSOAL DOCENTE	<p>Unión do profesorado</p> <p>Motivación para continuar formándose</p> <p>Interese polas novas tecnoloxías</p>	<p>Falta de capacitación dixital do profesorado</p> <p>Escasa colaboración entre os centros de primaria e de secundaria por diferenzas de horarios e pola separación física dos centros</p>
	PERSOAL NON DOCENTE	<p>Apoio e colaboración de todo o persoal non docente</p>	
	ALUMNADO	<p>Motivados polas TICs</p>	<p>Escasa competencia dixital</p> <p>Falta de formación no uso responsable das TICs</p>
	FAMILIAS	<p>Conscientes da importancia da aprendizaxe dixital</p>	<p>Falta de conectividade dalgunhas familias polas diferenzas socioeconómicas</p>
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>Apoio equipo directivo e coordinadores TICs</p> <p>Alta participación en cursos e programas de formación.</p> <p>Empresa de mantemento de equipos informáticos</p>	<p>Pouco aproveitamento didáctico dos recursos dispoñibles</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	Equipos ADIX Oferta de formación dixital	Desconexión coa realidade docente.
	LEXISLACIÓN	Desenvolvemento do Plan Dixital	Excesiva burocracia Descoñecemento do Plan Dixital. Impónse pero non se forma ao profesorado de forma progresiva Cambios lexislativos constantes
	CONTORNA	Existencia dun centro de robótica preto do C.P.I que colabora co centro.	
	ANPA	Colabora co centro en boa sintonía Facitan medios segundo as súas posibilidades (Tablets...)	Poucos recursos
	OUTRAS ENTIDADES	Implicación do Concello na dixitalización do centro e na axuda dixital a familias desfavorecidas	

3. Plan de Acción

Tendo como punto de partida a situación especificada no epígrafe 2, consideramos prioritaria a mellora na infraestrutura e equipos dixitais para poder impartir axeitadamente a docencia empregando ferramentas dixitais. Tamén nos parece igualmente importante a formación e a capacitación dixital do profesorado.

Os obxectivos do noso Plan de Acción van encamiñados cara á implementación de distintas ferramentas dixitais nas aulas na docencia directa. Pretendemos así mellorar tanto a aprendizaxe das diferentes materias coma a capacitación dixital do alumnado.

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos						
OBXECTIVO 1: (1)	Dispoñer de computadores para todos o alumnado de 6º de primaria e de 1º de ESO				Acadado	
Responsable:	Coordinadores TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de computadores nas aulas correspondentes aos cursos de 6º de primaria e de 1º de ESO					
Valor de partida: (3)	1 computador en cada aula para o profesorado					
Valor previsto e data: (4)	1 computador por alumno máis o do profesor			30 de novembro 2022		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Solicitud a Consellería do nº de computadores precisos en función da matrícula nos cursos anteditos.	Coordinadores Tic. Secretaria do centro.	3 de outubro de 2022.	Dispoñer de orzamento para este fin		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Solicitud ou compra de armarios para gardar e cargar os computadores en cada aula.	Secretaria do centro.	3 de outubro de 2022.	Dispoñer de orzamento para este fin		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.3:Colocación nas aulas dos armarios e instalación de tomas de carga auxiliares.	Coordinadores Tic e titores.	30 de novembro de 2022.	Operarios para montar os armarios e instalar as tomas de corrente.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos						
OBXECTIVO 2: (1)	12 mesas interactivas para infantil, primaria e secundaria.				Acadado	
Responsable:	Coordinadores TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de mesas interactivas .					
Valor de partida: (3)	Ningunha					
Valor previsto e data: (4)	12 mesas interactivas			30 de novembro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Solicitud a Consellería de 12 mesas interactivas.	Secretaria do centro.	3 de outubro de 2022.	Dispoñer de orzamento para este fin		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Colocación das mesas nas ubicacións previstas.	Coordinadores TICs e Secretaria do centro.	30 de novembro de 2022.	Operarios para montar as e instalar as mesas		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos						
OBXECTIVO 3 : (1)	Equipamento dixital da biblioteca de secundaria para empregala tamén como aula multimedia.				Acadado	
Responsable:	Coordinadores TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Nº de portátiles para uso do alumnado.					
Valor de partida: (3)	11 portátiles					
Valor previsto e data: (4)	26 portátiles.			30 de novembro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1:Solicitud a Consellería de 15 portátiles e dun armario para gardalos e cargalos.	Secretaria do centro.	3 de outubro de 2022.	Dispoñer de orzamento para este fin		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2:Colocación do armario na ubicación prevista.	Coordinadores TICs e Secretaria do centro.	30 de novembro de 2022.	Operarios para colocar montar o armario.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos						
OBXECTIVO 4: (1)	Acondicionamento dixital da sala de profesores de secundaria.				Acadado	
Responsable:	Coordinadores TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	10 portátiles e unha impresora multifunción de cor coa opción de grapar.					
Valor de partida: (3)	-----					
Valor previsto e data: (4)	10 portátiles e unha impresora multifunción de cor.			30 de novembro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Solicitud a Consellería de 10 portátiles e unha impresora multifunción.	Secretaria do centro.	3 de outubro de 2022.	Dispoñer de orzamento para este fin		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Instalación da impresora e colocación de tomas de corrente para cargar os portátiles.	Coordinadores TICs e Secretaria do centro.	30 de novembro de 2022.	Operarios para a instalación.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos						
OBXECTIVO 5: (1)	Mellora da calidade do son nas aulas.				Acadado	
Responsable:	Coordinadores TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Revisión e renovación no seu caso das pizarras dixitais das aulas.					
Valor de partida: (3)	-----					
Valor previsto e data: (4)	100% das pizarras funcionando axeitadamente.			15 de decembro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Solicitude á Consellería da revisión e substitución das pizarras que sexa preciso.	Secretaria do centro.	3 de outubro de 2022.	Dispoñer de orzamento para este fin		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos						
OBXECTIVO 6: (1)	Insonorización das aulas de radio de primaria e secundaria.				Acadado	
Responsable:	Coordinadores TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Illamento acústico das aulas de radio.					
Valor de partida: (3)	Sin insonorizar.					
Valor previsto e data: (4)	Insonorizadas.			15 de decembro.		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Solicitude á Consellería do orzamento preciso para insonorizar as dúas aulas de radio.	Secretaria do centro.	3 de outubro de 2022.	Dispoñer de orzamento para este fin		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Infraestruturas e equipos						
OBXECTIVO 7: (1)	Melloras da wifi do centro				Acadado	
Responsable:	Coordinadores TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Instalación de catro puntos máis de wifi.					
Valor de partida: (3)	-----					
Valor previsto e data: (4)	Instalación de catro puntos máis de wifi.			30 de novembro		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Solicitude á Consellería da instalación de 4 puntos de wifi.	Secretaria do centro.	3 de outubro de 2022.	Dispoñer de orzamento para este fin		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Táboa do Plan de Acción do Plan Dixital de Centro para cada obxectivo

Área/s de mellora: Desenvolvemento profesional continuo.						
OBXECTIVO 8: (1)	Mellorar a capacitación dixital do profesorado.				Acadado	
Responsable:	Coordinadores Tic.				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Realización de cursos de formación relacionados coas competencias dixitais.					
Valor de partida: (3)	50% do profesorado realizou algún curso deste tipo no curso 2021/22					
Valor previsto e data: (4)	Que o 70% do profesorado realice este tipo de cursos			15 de maio 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Solicitud de cursos de formación ao CEFORE .	Coordinador de formación.	30 de setembro de 2022.	Dispoñer de profesorado que coordine e organice cursos no propio centro.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Realización dos cursos de formación concedidos ao profesorado do centro.	Os coordinadores dos cursos.	15 maio de 2023.	Os que se precisen para curso concreto.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Área/s de mellora: Implementación na aula						
OBXECTIVO 9: (1)	Aplicar distintas ferramentas dixitais na aula en 6º de primaria e en 1º de ESO.					
Responsable:	Coordinadores Tic.					
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO:(2)	Registro das actividades dixitais realizadas en cada materia.					
Valor de partida: (3)	Ningún rexistro.					
Valor previsto e data: (4)	Que o 80% do profesorado empregue ferramentas dixitais			Final de curso		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
A01.1: Elaboración dunha folla de rexistro de actividades dixitais a cumprimentar por cada profesor .	Coordinadores Tic Xefes de departamento e titores.	30 de setembro de 2022.	Contar con persoal docente voluntario que colabore.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Recollida e análise da folla de rexistro .	Coordinadores Tic Xefes de departamento e titores.	Fin de cada mes.	Contar con persoal docente voluntario que colabore.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

4. Avaliación do plan

- No contexto da **avaliación procesual** a frecuencia da súa realización será unha vez ao trimestre. Os aspectos a valorar incluírán o estado da execución das accións, a análise e valoración dos resultados e, de ser o caso, as posibles modificacións das accións e as propostas de mellora.
- No contexto da **avaliación final** a frecuencia da súa realización será unha vez ao ano. Os aspectos a considerar incluírán, entre outros, a valoración do logro dos obxectivos e as propostas de mellora.
- A **avaliación de cada obxectivo** concreto realizaráse segundo se especifica en cada un deles.

5. Difusión do plan

Este Plan Dixital será presentado para a súa aprobación no Consello escolar do día 30 de xuño de 2022.

Posteriormente daráselle publicidade na páxina Web do centro.

A Cañiza, 10 de Xuño de 2022